



INFORMACIÓN SOBRE II PROBA DA I COPA XUNTA GALICIA E I CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE ESCALADA EN IDADE ESCOLAR 2023

Especialidade de Escalada: Dificultade

A II Proba da I Copa Xunta de Galicia e I Campionato Xunta de Galicia de Escalada en Idade Escolar 2023 celebrarase no Rocódromo do Riazor, en a Coruña, nunha única xornada matinal o domingo 18 de xuño do 2023.

Ubicación do pavillón: Rúa Manuel Murguía <https://goo.gl/maps/r42YBg18jsjL1DiS7>



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A **inscrición** faise na páxina web da FGM, www.fedgalmon.gal, na sección de **Escalada, no club de pertenza ou directamente sobre o link de seguinte liña**

Link da inscrición: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=79>

A cota para a participación por categorías é de:

- Prebenxamín (Sub – 8, idades entre 6 e 7 anos durante todo o 2023) **5 €**
- Benxamín (Sub – 10, idades entre 8 e 9 anos durante todo o 2023) **5 €**
- Alevín (Sub – 12, idades entre 10 e 11 anos durante todo o 2023) **5 €**
- Infantil (sub – 14, idades entre 12 e 13 anos durante todo o 2023) **10 €**
- Cadete (Sub – 16, idades entre 14 e 15 anos durante todo o 2023) **10 €**

As cotas que se poden pagar mediante a pasarela de pago (tarxeta de crédito) ou ingresar no seguinte número de conta: ES20 2080 5104 86 3040016923, e deben achegar o resguardo de ingreso coa inscrición indicando:

- Nome e apelidos e categoría do/a deportista
- Copa e Campionato de Escalada en Idade Escolar a Coruña

O prazo de inscrición remata o luns día **5 de xuño de 2023 as 23.59 horas.**

As inscricións estarán limitadas a un número máximo de 120 deportistas, sumando todas as categorías e xénero.

O **regulamento** que se aplicará durante a proba é o *Regulamento de Competicións de Escalada da FGM* para o ano 2023 aprobado pola Comisión Delegada en data 24 de abril do 2023.

Pódese baixar o regulamento neste enlace: <https://fedgalmon.gal/regulamentos/>

Cada club de escalada que presente un mínimo de cinco deportistas inscritos presentará un delegado.

Os deportistas da categoría prebenxamín e benxamín escalarán coa corda por riba. O resto das categorías escalarán coa corda por baixo.

Os e as competidoras terán que



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

-
- Dispor da licencia deportiva, FGM ou FEDME, ou de calquer país, do ano en curso coas coberturas na especialidade de escalada.
 - Presentar a **autorización de participación de menores de idade en actividades oficiais da FGM**, asinado pola nai, pai ou titor legal. Documento que se pode adxuntar no momento da inscrición. Se se cubriu e autorizou xunto a anterior proba de Copa non se precisa volver achegar esta autorización.
 - Todos e todas os/as deportistas terán que escalar con material deportivo de escalada. O casco e arnés obrigatoriamente homologados para a actividade de escalada.
 - Cada competidor e competidora terá que levar o seu avituallamento.

Na charla técnica utilímaranse os detalles sobre os horarios.